

MANIFESTO EN DEFENSA DO EMPREGO DENTRO DE TESAU E CONTRA O DESMANTELAMENTO DA EMPRESA

Os traballadores e traballadoras abaixo asinantes queremos expresar mediante este escrito a nosa profunda preocupación polos sucesivos plans que a empresa está a pór en marcha, por entender que estamos a asistir a un progresivo desmantelamento de Telefónica de España S.A.U., co único obxectivo de substituír o emprego fixo existente nesta por emprego precario en múltiples filiais, contratas e subcontratas que pouco a pouco van asumindo o traballo que era realizado por traballadores/as da Matriz.

Este desmantelamento é xa máis que preocupante nas provincias pequenas, onde o cadro de persoal quedou reducido á mínima expresión tras os sucesivos plans de recorte de persoal que fixeron que pasáramos de 75.000 a menos de 35.000 traballadores/as en pouco máis de 10 anos. Esta redución de persoal lonxe de garantir o emprego dos que quedamos na empresa actúa no sentido contrario, xa que, ao non haber suficiente persoal para realizar determinadas actividades, exteriorízanse estas, co que volven xerar novos excedentes.

Por outra parte rexeitamos a solución dada pola empresa ao persoal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas que decidiu non pasar a T-Gestiona e a súa teima de seguir a segregar actividades, como entendemos que se dá no caso da atención a grandes clientes coa creación de T-Empresas.

Para facer fronte a estes feitos e para dar a necesaria estabilidade ao cadro de persoal de Telefónica de España S.A.U., solicitamos:

1. **Que se dea unha solución inmediata a todo o persoal que non se quixo pasar a T-Gestiona**, solución que debe pasar indiscutibelmente por ofrecerlles un posto de traballo acorde coa súa categoría laboral, na súa localidade dentro de TESAU rexeitando, por tanto, calquera intento de cesión encuberta á filial T-Gestiona.
2. **Que se paralice o proceso de creación de T-Empresas e que se unifique en TESAU a atención a ese tipo de clientes** absorbendo o persoal das outras filiais que os atenden, parte deste persoal xa eran traballadores/as de TESAU e están pendentes de reingresar nesta empresa, como se recollía no compromiso que asinaron cando pasaron a esas filiais.
3. **Que se paralicen os procesos de exteriorización e centralización de actividades e que**, tras facer unha exhaustiva e rigorosa avaliación das necesidades de persoal existentes nas distintas Áreas de traballo por localidades e categorías, **se elabore un Plan de Emprego que contemple a contratación do número de traballadores/as necesario para desenvolverlas na súa integridade por persoal propio de TESAU**. Cremos que isto redundaría por unha parte nunha economía máis social, que non só atenda ao parámetro do beneficio empresarial e, por outra nunha mellor calidade do servizo que ofrecemos aos clientes.

No caso de que empresa non atendese estas demandas facemos un chamamento a todos os sindicatos da empresa, ao Comité Intercentros e aos Comités Provinciais para que conxuntamente elaboren un calendario de mobilizacións para defendelas.

